



Santiago de Compostela



Ruta do Mercado
un paseo de
historia e vida

Santiago de Compostela



SANTIAGO DE COMPOSTELA FOI E É PUNTO DE ENCONTRO DE NUMEROSAS CULTURAS E POBOS E LUGAR DE INTERCAMBIO DE IDEAS E EXPERIENCIAS. SANTIAGO É UNHA CIDADE FEITA A MEDIDA DO CAMIÑANTE, AS SÚAS RÚAS E PRAZAS FORMAN UN CONXUNTO INIGUALABLE, HARMÓNICO E HOMOXÉNEO, ACENTUADO POLO EMPREGO DUN ÚNICO MATERIAL: O GRANITO. PEDRAS QUE, MODELADAS POLAS DIFERENTES CORRENTES ARTÍSTICAS, CREARON UNHA URBE MONUMENTAL SEN PARANGÓN, QUE FOI DECLARADA CIDADE PATRIMONIO DA HUMANIDADE POLA UNESCO EN 1985.

CIDADE COSMOPOLITA DENDE A IDADE MEDIA, NON SÓ POLA AFLUENCIA DE PEREGRINOS, CHEGADOS DENDE TODO O ORBE CRISTIÁN, SENÓN TAMÉN POLA SÚA AFAMADA UNIVERSIDADE, QUE CONTA XA CON MÁIS DE CINCO SÉCULOS DE VIDA. SANTIAGO DE COMPOSTELA É, ADEMAIS, A CAPITAL DE GALICIA.

Imprescindibles

A Convento das Orfas



B Igrexa de San Agostiño



C Mercado de abastos



D Igrexa de San Fiz de Solovio




E Escultura de Alfonso II O Casto



F Facultade de Xeografía e Historia e igrexa da Compañía



A ruta



- 1 Praza de Galicia
- 2 Rúa das Orfas
- 3 Rúa da Caldeirería
- 4 Rúa do Preguntoiro
- 5 Praza de Cervantes
- 6 Praza da Peixería Vella
- 7 Mercado de Abastos
- 8 Rúa das Ameas
- 9 Praza da Universidade
- 10 Arco de Mazarelos
- 11 Rúa da Fonte de Santo Antonio
- 12 Rúa da Virxe da Cerca



Santiago de Compostela

Ruta do Mercado

SANTIAGO DE COMPOSTELA FOI E É PUNTO DE ENCONTRO DE NUMEROSAS CULTURAS E POBOS E LUGAR DE INTERCAMBIO DE IDEAS E EXPERIENCIAS. SANTIAGO É UNHA CIDADE FEITA A MEDIDA DO CAMIÑANTE, AS SÚAS RÚAS E PRAZAS FORMAN UN CONXUNTO INIGUALABLE, HARMÓNICO E HOMOXÉNEO, ACENTUADO POLO EMPREGO DUN ÚNICO MATERIAL: O GRANITO. PEDRAS QUE, MODELADAS POLAS DIFERENTES CORRENTES ARTÍSTICAS, CREARON UNHA URBE MONUMENTAL SEN PARANGÓN, QUE FOI DECLARADA CIDADE PATRIMONIO DA HUMANIDADE POLA UNESCO EN 1985.

CIDADE COSMOPOLITA DENDE A IDADE MEDIA, NON SÓ POLA AFLUENCIA DE PEREGRINOS, CHEGADOS DENDE TODO O ORBE CRISTIÁN, SENÓN TAMÉN POLA SÚA AFAMADA UNIVERSIDADE, QUE CONTA XA CON MÁIS DE CINCO SÉCULOS DE VIDA. SANTIAGO DE COMPOSTELA É, ADEMAIS, A CAPITAL DE GALICIA.

A **praza de Galicia** ¹ marca os límites entre a cidade nova, máis coñecida como o Ensanche, e a vella. Hai non moitos anos atopábase aquí a estación de autobuses. Como Santiago non conserva as súas murallas pero si os nomes das antigas portas

ímonos adentrar na maraña urbana medieval a través da porta da Mámoa.

Facendo esquina está o *Café Derby*, lugar de faladoiro dende 1929. Coas súas artísticas vidreiras, o seu zócolo e o seu mostrador de mármore -pezas catalogadas-, era un deses lugares que dan clase e bohemia á cidade. Actualmente está en reformas para acoller un establecemento *Morriña*, o novo concepto hostaleiro da quinta xeración de Hijos de Rivera, unha familia de cervexeiros.

Dende aquí, atravesamos a cidade de sur a norte polas rúas das Orfas, da Caldeirería e do Preguntoiro, ata chegar á praza de Cervantes. Son case unha mesma rúa pero vai mudando de nome a medida que imos ascendendo. Se hai un lugar onde o comercio tradicional e as novas tendas conviven en harmonía, é este.

No n° 30 da **rúa das Orfas** ², a *Confeitaría Las Colonias* adózanos a vida dende finais



PÁXINA OPOSTA Tarta de Santiago

ABAIXO A confitería Las Colonias e a librería



do século XIX, pois abriu as súas portas en 1888. Deseguido a [farmacia de Valdés C.B.](#), fundada en 1924, conserva no seu interior elementos arquitectónicos do momento da súa apertura e unha báscula Toledo Sale Company, de máis de 80 anos de antigüidade, onde aínda un se pode pesar con total precisión.

En fronte, nun recuncho do nº 19, case pasa desapercibido o escaparate de [Coralía Atelier](#) que nos chama a atención coas imaxes das «Dúas Marías». É un pequeno obradoiro

de agasallos e confección artesanal onde personalizan as prendas ao noso gusto.

Ao seu carón, nun espazo diáfano ocupado noutro tempo pola histórica Farmacia Bermejo (1879), instalouse [Fábrica Fan](#), que se define como un ultramarinos de deseño galego: moda, complementos, artesanía, gadgets, cosmética...

A escasos metros está [Florentino](#), que ocupa un pazo barroco de tres plantas, e é un dos grandes da moda masculina en Galicia, como salta á vista nos seus elegantes escaparates. Podemos entrar e saír vestidos de pés a cabeza, non só con roupa e traxes, senón tamén con zapatos, roupa interior, perfumes e todo un abano de complementos para o home..

Continuamos a nosa ruta e pasamos pola [Óptica Galerías](#), aberta hai máis de medio século, e por [Maravalla](#), unha aromática tenda de xabóns e cosmética natural, cos seus evocadores olores. Como xa sabemos, a ourivería



ARRIBA Florentino ocupa un pazo barroco de tres plantas
ABAIXO Jabones de Maravalla
P. OPOSTA, ARRIBA Convento das Orfas
P. OPOSTA, ABAIXO Rótulo da Xoiaría Marín y Durán

en Santiago é unha das artesanías seculares e nesta rúa non podían faltar algunhas das importantes coma a xoiaría [De Paz](#), no nº 7, ou a xoiaría [Marín y Durán](#), no nº 11.

Mención á parte merece o [Estanco Garabál](#) (nº 18), o primeiro da cidade, fundado en 1877, e en plena actividade, aínda que non corran bos tempos para os amantes do tabaco. É moi coñecido polas decoracións e as escenas que montan no seu escaparate, cargadas de retrans e fina ironía, sobre temas de actualidade. Coa orixinal e colorista vitrina sorpréndenos tamén [Misha Millinery](#) (nº 12), que aínda conserva o cartel da antiga lencería Novedades Carmiña, que foi toda unha institución na cidade. Hoxe aquí a sombreireira [Teresa González](#) diseña sombreiros e toucados artesanais, algúns dos cales chegaron mesmo a ser exhibidos en Ascot.

Algúns arcebispos, á parte de completar e engrandecer a Catedral de Santiago, tamén promocionaron obras de asistencia social,



coma o [CONVENTO DAS ORFAS](#), un conxunto de igrexa, convento e colexio utilizado nos séculos XVII e XVIII para recoller, axudar e educar ás orfas da comarca de Santiago. No seu interior pódese ver unha interesante talla da Inmaculada, obra de José Gambino, un dos grandes tallistas galegos do século XVIII; as súas doces, delicadas e estilizadas figuras son o seu selo particular.

A partir de aquí, a rúa cambia de nome e denomínase **rúa da Caldeirería** 3, o topónimo da cal débese ao gremio de artesáns que fabricaban potes e caldeiros de cobre e latón, fundamentalmente. Dende este punto, se erguemos un pouco a vista, sorpréndenos a riqueza dos carteis, na súa meirande parte de forxa, que adornan os comercios e as tendas. Case todos eles, especialmente os máis antigos, foron forxados nun obradoiro ou ferraría que ata hai pouco tempo funcionaba na zona vella.





Nada máis entrar nesta rúa decatámonos de que aquí predomina o pequeno comercio e de que gran parte del está dedicado á muller. A *Lencería Judyth*, no nº 64, *La Princesa*, no nº 53, cos seus delicados vestidos de noivas, que se ocupa tamén de vestir ás madriñas, e *La Bella Otero*, no nº 57, son establecementos que xa levan décadas na cidade.

Se queremos facer un pequeno descanso, nada mellor que o *Café Blu*, que rehabilitou e recuperou o patio traseiro dun vello local,



brindándolle un toque cálido e informal. Aquí descubrimos a súa carta de pratos «flexi-vexetarianos» e as súas espléndidas tortas caseiras.

Á hora de viaxar, cando un tiña que mercar maletas, non o pensaba dúas veces e se achegaba a *Comercial Tojo*, no nº 43, que xa cumpriu un século de historia. Un clásico que sobrevive ao paso do tempo.

E non podía faltar o establecemento que da sentido ao nome da rúa, nos números 46-48 da rúa da Caldeirería, a Casa Sole Loza y Cristal –a máis barata–, como reza o cartel. Alí, aínda hoxe, pódense adquirir os caldeiros de cobre, os pratos de madeira para comer o polbo ou os recipientes de barro para preparar unha boa queimada. Entrar no bazar é como facelo na cova dos tesouros, con lámpadas por tódalas partes, utensilios de cociña imposibles, sellas, leiteiras. En definitiva hai de todo.

A pouco que paseemos pola cidade, decatámonos de que estamos ben provistos de tendas de calzado, con moi bo xénero. No pasado, os outonos e invernos semellaban

ARRIBA Casa Sole Loza e Cristal, A Máis Barata
ABAIXO Queixaría Prestes

máis longos e chuviosos que hoxe en día. Había que ter uns bos zapatos ou botas para se illar do frío e húmido granito, por iso a pel, a sola de goma e agora o «goretex» alíanse para logralo. *Puri*, *7 Días*, *Zabba* e *Calzados Severino* proporcionanlle un inmenso confort aos nosos pés.

No nº 36, *Mercado Galego da Creatividade*, unha cooperativa formada por 100 marcas e mulleres artesás de Galicia con cerámica, cestería, bixutería artesanal ou roupa ecolóxica pon o contrapunto ás tendas de moda e confección de toda a vida. Para os morriños da súa infancia que contan xa cunhas cantas primaveras é mester visitar, no nº 32, *Marilya*. Unha auténtica boutique de bonecas de Mariquita Pérez e unha verdadeira viaxe no tempo que fará gozar a avoas, nais e netas. Hai toda unha lexión de coleccionistas ávidos de mercar, vender e trocar bonecas e complementos. Tamén chaman a atención os seus asombrosos quebracabezas mecánicos.

Se xa imos tendo apetito, no nº 27, na *Queixaría Prestes*, non hai quen os iguale na variedade, cantidade e tamaño dalgúns queixos. A súa historia remóntase ao ano 1991, no que empezaron a súa andaina como unha pequena empresa familiar en San Simón-Vilalba (Lugo) que producía 20 queixos ao día; hoxe chegan a 2 000. É un queixo tradicional, elaborado co cremoso e excelente leite que dan as vacas da comarca. Son tamén os primeiros que fixeron queixo azul en Galicia.

Á parte de poder degustalos aquí mesmo, envásanos ao baleiro para que poidan viaxar.

A quen non lle guste o queixo ten ao lado, no nº 31, *Buenjamón*, que lle ofrece xamón ibérico, embutidos de calidade e aceites de oliva virxe extra, entre outros produtos. Ademais, podémonos «levar posto» un bocadillo de xamón ou un cornete de pequenos embutidos.

Se o noso son os ultramarinos, no nº 7 atopamos *A Tenda*, con venda de especias por xunto de toda a vida, coma o azafrán ou o pemento, ou os seus famosos preparados para aderezar os guisos e asados de carne, de cordeiro, de callos ou de polo. Así mesmo presentan unha boa variedade de cafés de Brasil, Colombia, Kenia, Costa Rica ou Nicaragua.

Seguimos o noso paseo e vemos como se van intercalando reloxarías e xoiarías, como *Jade*, *Lado* e *Sandra*, que nos ofrecen pezas para tódolos gustos e, o que é mellor, para tódolos petos. *Diana Galos Decoración* y *Regalo* presenta, no nº 14, uns heteroxéneos escaparates con fermosos obxectos como esculturas, globos terráqueos, lámpadas Tiffanys, cadros, mobles símil Art Decó e cristalarías. En definitiva, o lugar ideal para decorar a casa.

Ao final da rúa, esta ensánchase e dá lugar a un cruzamento coñecido polos compostelás como as Cinco rúas. O mesmo nome recibe-



no un dos comercios máis tradicionais da zona: a [Cerería Cinco Calles](#), que leva oito décadas dedicándose ao mundo das candeas. Con fábrica propia, elaboran artesanalmente candeas e cirios cerimoniais, personalizados e pintados a man, que conviven con produtos máis modernos como coloridas candeas perfumadas e esencias. Un luxo para os sentidos! Chama a atención unha candeas de 80 kg que decora a entrada do comercio, fabricada hai 20 anos polo sogro da actual propietaria, e decorada a man con etapas do Camiño Francés.

Na encrucillada, a rúa cambia o seu nome polo de **rúa do Preguntoiro** ⁴, se cadra porque no seu extremo norte os peregrinos preguntaban aos paisanos pola catedral. Outros asisados estudosos defenden a hipótese de que recibe este nome porque dende os alongados balcóns do vello concello se lían, entre outras cousas, os pregóns da cidade.

Nada máis comezar a rúa do Preguntoiro descubrimos dous establecementos que comparten o baixo dun edificio señorial: o Pazo Feixóo. No nº 36, [La Bulanxerí](#), unha panadería artesá que utiliza produtos galegos e inspiración francesa para a elaboración das súas múltiples variedades de pan e bolaría; se cadra por iso foi galardoada cunha «Estrella Dir-Informática de la panadería» e

está dentro da «Ruta Española do Bo Pan», o que a sitúa entre as mellores de España. Ao seu carón está [Tejidos Katy](#), un deses locais que tódolos visitantes se paran a fotografar, co seu mostrador e os seus estantes de madeira cheos de rolos de fantásticos tecidos de cores e orixinais estampados, que fan que as vendas se disparen sobre todo no Entroido.

No nº 35, [Riquela Bar-Club](#) danos a oportunidade de comer e beber, á vez que gozamos dunha completa axenda de actuacións musicais nacionais e internacionais. [La Trastien-da de Xabi](#), no nº 34, pon en valor os produtos gastronómicos galegos, especialmente os das Denominacións de Orixe e os das Indicacións Xeográficas Protexidas, que garanten a súa calidade. Comercializan tamén orixinais láminas, algunhas con texto ou palabras galegas, listas para encadrar.

[Establecimientos Álvarez](#) é outro deses comercios con varias décadas ás súas costas, pois non había casa en Galicia que non tivese unha vaixela desta marca. Na tenda tamén podemos atopar todo tipo de enxoval para o fogar e un gran variado de lámpadas, que achega ao local un gran colorido e luminosidade.

Na contigua praza de Feixóo nº 2 topamos cun dos clásicos da xoiaría de Santiago, Ramón González Orfebres, especialistas en

PÁXINA OPOSTA Tejidos Katy
ARRIBA A Tafona do Preguntoiro



acibeches e marfís dende 1951. Entre os seus moitos traballos están o ter colaborado na restauración do botafumeiro da Catedral no ano 2015 e ter elaborado a cruz procesional que se utilizou durante a apertura do Ano Santo 2021.

Volvendo á rúa do Preguntoiro e no nº 26, atópase [Nikis](#), camiseteiros dende 1994. Defínense así porque plasman os seus deseños propios en camisetas, e en todo tipo de soportes, xuntando a imaxinería popular galega coas iconas actuais. Para iso contan coa colaboración de diferentes ilustradores galegos entre os que cabe salientar Davila, que nos arrinca diariamente un sorriso coas súas viñetas en prensa.

ARRIBA O chocolate do Metate
PÁXINA OPOSTA, ARRIBA Igrexa de Santo Agostiño
PÁXINA OPOSTA, ABAIXO Praza da Pescadería Vella

A rúa énchese dos olores panadeiros da [Tafona do Preguntoiro](#), no nº 20, e das especias exóticas do [Graneiro de Amelia](#), no nº 16, onde, ademais, venden todo tipo de legumes, arroces, froitos secos e fariñas artesanais sen glute. [Colmado delicious](#), no nº 28, ofrécenos tortas, biscoitos, panes, empanadas e galletas artesás, para levar ou para degustar no mesmo local.

Sen chamármonos a engano poderíamos asegurar que Santiago é unha vila de zapatos e chocolates, porque seguimos atopando zapaterías para tódolos gustos, coma [Calzados Valiño](#), [Calzados Milanette](#) ou [Maná](#). Pola súa banda, [O Metate](#) (San Paio de Antealtares nº 2) é parada obrigada para tomar un reparador chocolate, xa que non é unha simple cafetería e chocolatería, senón que no seu interior nos descubre un verdadeiro museo do chocolate, que conserva a antiga maquinaria como parte da decoración.

Pola rúa do Preguntoiro chegamos á **praza de Cervantes** ⁵, onde noutro tempo estiveron situados o patíbulo e o concello. Tamén foi coñecida como praza do Campo, polo mercado que alí se celebraba. Unha fonte co busto de Cervantes preside e dá nome á praza, e tódolos xoves polas mañás, debaixo dos soportais, ten lugar un pintoresco mercado de antigüidades. A [Librería Couceiro](#) distinguíuse como unha das máis importantes de Galicia. Iniciou a súa andaina alá por 1969 e hoxe converteuse nun centro de dinami-

zación cultural da zona. O lugar que actualmente ocupa é un estreito edificio de catro andares rehabilitado polo arquitecto Iago Seara. A librería está especializada en libro galego e no último andar conta cun precioso obradoiro de restauración e encadernación. Cando o tempo o permite, saca os libros á praza, xusto arredor da fonte, para achegar a literatura aos viandantes.

Se vemos fileiras ante unha estreita porta quere dicir que chegamos ao [Ultramarinos Cepeda](#), aberto dende 1888 e coñecido por tódalas avoas e bisavoaas de Compostela, xa que aquí mercaban as especias para adubar as carnes, peixe e os calóricos callos. Ademais atopamos améndoa moída, froita cristalizada e produtos doutras épocas que afortunadamente aínda perduran en establecementos familiares coma este.

No interior da achegada [IGREXA DE SAN BIEITO DO CAMPO](#) descubrimos un vello tímpano coa Epifanía ou Adoración dos Reis Magos, algo



moi típico do románico galego. O templo actual é froito das numerosas obras e transformacións que experimentou dende a súa fundación no século X.

Moi preto, entrando xa na praza da Peixería Vella, no nº 7, está a tenda [Marusía](#), un outlet de roupa e complementos, prendas vintage e únicas.

Como podemos doadamente deducir a **praza da Peixería Vella** ⁶ débelle o seu nome ao mercado que ata o século XIX se celebraba alí ao aire libre. As diferentes prazas que estaban intra muros das cidades medievais amuralladas eran denominadas polo tipo de produtos que se vendían nelas. Cando sae unha raiola, esta praza loce magnífica, chea de terrazas onde tomar o aperitivo. Ademais, o feito de estar moi preto do mercado convértea nun dos espazos máis atractivos do centro histórico.



A IGREXA DE SANTO AGOSTIÑO, que preside a praza, é un templo barroco do século XVII, cuxa construción foi promocionada polo conde de Altamira. Na súa fachada destacan a imaxe da Virxe da Cerca e as torres, unha delas inacabada e a outra destruída por un raio no século XVIII.

Doña Juana, no nº 5 da praza de Santo Agostiño, é un comercio que leva aberto dende 1946 vendendo artigos de confección para o fogar. Os seus manteis, cortinas e bordados chaman a atención, pero sobre todo tiraron un gran partido dos graciosos e bonitos mandís personalizados.

O movemento de xente indo e vindo, cargada de bulsas, anúncianos a chegada á **praza ou Mercado de Abastos** 7. É un lugar que experimentou unha profunda transformación na última década, non tanto na súa arquitectura historicista -que segue a ser a mesma-, senón nas actividades e ofertas culinarias que agora existen e converten a súa zona nun



lugar de moda de Santiago. As oito diferentes naves do edificio do mercado especialízanse en peixe e marisco, froita e hortalizas, carnes e aves, queixos, panes e empanadas e, mesmo nalgunhas, atopamos un pouco de todo. Na parte exterior do mercado, en pequenos postos habilitados polo concello, granxeiros e pequenos agricultores venden produtos naturais, ecolóxicos e saudables das súas hortas e pequenas granxas.

A nova hostalaría, capitaneada por xefes de cociña de renome como Marcos Cerqueiro, Iago Pazos, Lucía Freitas e Pepe Solla, instalouse arredor da Praza de Abastos, con restaurantes coma o Café de Altamira, Abastos 2.0, Lume, A Lonxa do Mercado e La Radio,

PÁXINA OPOSTA Pequeno posto no exterior
ARRIBA Restaurantes ao redor do mercado
ABAIXO Torre do reloxo do mercado de abastos



que aproveitan o tirón turístico, ofrecendo un produto moi fresco, mercado diariamente no mercado.

Na **rúa das Ameas** ⁸, noutrora tamén existían pequenas tendas que abastecían aos campesiños de téxtiles, enxoval do fogar, ferramentas ou zocas. Consérvanse algúns, convivindo con outros postos que se foron adaptando aos novos tempos, con ideas moi innovadoras. Como **Breca**, onde se pretende dar visibilidade ás artesás galegas do coiro e da prata; ás tecedeiras, con tecidos artesás ou ás redeiras, con creacións coma bultos e trezados.

Noroeste Mini é un escaparate de xoiaría de autor, onde o deseño é a esencia das súas creacións; tódalas pezas son realizadas en materiais nobres e con xemas naturais. En **Pilgrim Bag** podes crear o teu propio bulso personalizado que se fai aquí mesmo. Podes elixir a cor do tecido ou da pel, o tamaño, as cores dos cordóns e mesmo poñer o teu nome no interior.

En **Zoclos** Eva e Luis recuperaron a tradición da fabricación dos zocos de madeira artesanais; no mesmo espazo no que reparan calzado, podes encargar uns zocos persona-

lizados e únicos, que elaboran a medida de cada cliente.

Cun marcado carácter cultural nacen dous proxectos: **Flor de Santiago**, para a recuperación e o estudo desta flor exótica e simbólica, ligada intrinsecamente coa cidade. Neste espazo comercialízase o libro de Ruth Varela «Flor de Santiago» e unha selección de artesanías de autor que axudan á financiación do proxecto. Pola súa banda, en **Cuarto Pexigo** exhibense as creacións artísticas, principalmente fotografías, de autores que buscan un retiro e un lugar para inspirarse en Compostela.

Un pouco máis adiante, na ruela de Altamira, localizamos **Boles**, artesanía útil, con selo galego. Cabe salientar a súa cerámica e cestería que podemos empregar para case tódalas necesidades do noso fogar.

Unha pequena xoia románica xurde antes de abandonar a zona do mercado: a **IGREXA DE SAN FIZ DE SOLOVIO**, que é, segundo os historiadores, un dos primeiros asentamentos que deron lugar despois a Santiago de Compostela. Malia ser transformada en épocas sucesivas, conserva unha fachada polícroma coa escena da Epifanía, onde aparecen os Reis Magos, lixeiramente inclinados cara ás imaxes divinas de María co Neno e San Xosé. Xunto a eles aparece a figura dun personaxe barbudo, Xoán Debe que, como mecenas, obtivo o privilexio de figurar no tímpano.

PÁGINA OPOSTA Interior do Mercado



En fronte atópase **Carantoña**, unha tenda multimarca, que ofrece: camisetas de autor, bulbos e complementos como abanos, broches e pendentes, feitos a man e, algún, con materiais reciclados.

A un lado do edificio da **FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA** admiramos unha fermosa escultura do rei Afonso II o Casto, a placa da cal lembra que foi o primeiro rei peregrino a Santiago de Compostela. A el e a Teodomiro, bispo de Iria Flavia, débelles Santiago de Compostela o que é hoxe en día, xa que neles se xuntaron o poder real e o da Igrexa para certificar a autenticidade e protexer os restos do Apóstolo Santiago.

ARRIBA Conservas de Catrineta
ABAIXO Igrexa de San Fiz de Solovio

A **praza da Universidade** ⁹ ocupa o que sería noutrora o soar onde a Orde dos Xesuítas ía construír un seminario, agora ben, coa súa expulsión en 1767, esta propiedade pasou a mans da Universidade de Santiago de Compostela. A **IGREXA DA UNIVERSIDADE**, tamén coñecida como a da Compañía, presentaba na súa fachada as imaxes de dous xesuítas moi importantes, san Ignacio de Loyola e san Francisco Xabier, pero ámbalas dúas esculturas foron decapitadas para poñerlles as cabezas dos apóstolos Pedro e Paulo. Os seus retablos barrocos son excepcionais e foron restaurados en 1995 con motivo da celebración do quinto centenario da fundación da Universidade. Isto permítenos apreciar tódolos seus matices, dende a rica policromía ata esas pequenas figuras vestidas de negro e atravesadas por lanzas, que non son nin máis nin menos, que os primeiros xesuítas que evangelizaron Xapón e sufriron por iso martirio e morte.



O **arco de Mazarelos** ¹⁰ serve de entrada á Vía da Prata na cidade e é a única das sete portas da muralla que queda en pé. Por ela entraban tamén os carromatos cargados de grandes pipos de viño do Ribeiro, que despois se consumía nas tabernas. Uns magníficos magnolios de gran porte e unha escultura de Montero Ríos adornan a praza.

Ao saírmos do antigo recinto amurallado polo Arco de Mazarelos, atopamos de fronte o **CONVENTO E IGREXA DAS MADRES MERCEDARIAS**, fundados en 1671, e cuxa fachada loce a escena da Anunciación, obra de Mateo de Prado, un dos grandes escultores barrocos do século XVIII.

As rúas da **Fonte de santo Antón** ¹¹, da **Ensinanza** e da **Virxe da Cerca** ¹² circunvalan a cidade vella, seguindo o perímetro exterior do que sería a muralla medieval. Atopámonos aquí con tres fontes públicas do século XIX, que xacando serían os manan-



ciais que abastecerían de auga o foxo que defendía a cidade. E deste xeito chegamos á praza de Galicia onde iniciamos o noso percorrido.

ARRIBA Facultade de Xeografía e Historia
ABAIXO San Ignacio de Loyola coa cabeza de San Pedro

Moi preto

O Parque e o convento de Belvís

Dende o [MERCADO DE ABASTOS](#) de Santiago de Compostela cruzamos a rúa da Ensinanza, onde atopamos o Colexio da Compañía de María, un convento barroco do século XVIII, fundado polo Arcebispo Raxoi co propósito de destinalo a colexio de señoritas nobres; popularmente coñecido como La Enseñanza, dando nome á rúa. Deseguido, descendemos pola rúa das Trompas, así chamada porque na Idade Media os heraldos do todopoderoso conde de Altamira anunciaban a súa chegada á vila tocando este instrumento, e descubrimos o amplo e espléndido [PARQUE DE BELVÍS](#). Nel as súas hortas urbanas, o seu labirinto de

camelias e os seus privilexiados miradoiros -cuxas pérgolas, cheas de glicínias, florecen no mes de maio-, agasállannos cun dos espectáculos máis fermosos dos parques da cidade.

No alto destacan as imponentes moles do [SEMINARIO MENOR](#) e da [IGREXA E CONVENTO DE BELVÍS](#), este último aínda habitado por unha congregación de monxas dominicas de clausura, os doces e as pastas da cal teñen fama mundial. A súa fundación data do século XIV e desta época conserva a imaxe da Virxe do Portal, á quen se encomendan as parturientes..



A Colexiata de Santa María A Real de Sar e a Cidade da Cultura

Dende a praza de Galicia continuamos pola rúa da Fonte de Santo Antonio e pasamos por diante da propia fonte, á cal as mozas en idade casadeira e sen parella viñan beber para encontrar futuro marido. Xusto en fronte, atopamos [Auga e Sal](#), un restaurante recentemente galardoado con 1 Sol Repsol 2021, onde poderemos probar os seus menús degustación harmonizados cunha extensa proposta de viños.

Seguimos o noso percorrido e á altura do convento das Madres Mercedarias, descendemos polas rúas do Patio das Madres e do Castrón Douro cara ao barrio do Sar. Percorremos á inversa o último treito dun importante camiño de peregrinación, a Vía da Prata.

Ao chegarmos á rúa do Sar entramos nun dos barrios históricos máis importantes da cidade. Se o visitamos entre o 15 e 17 de agosto, durante as súas festas patronais, descubriremos o que é unha verdadeira festa tradicional galega. Neses días celébranse, sucesivamente, as festividades da Virxe María, de San Roque e de Santa Mariña.

PÁGINA OPOSTA Convento de Belvís

ARRIBA Colexiata de Santa María A Real de Sar



No nº 96 da rúa do Sar recíbenos [Hello Cooking](#), toda unha experiencia gastronómica para gozar, coñecer e experimentar. Na súa librería especializada atopamos todo tipo de literatura e receitas gastronómicas; tamén podemos mercar utensilios e avíos de cociña, e participar dos seus cursos, charlas e xornadas gastronómicas. Os seus bonos ou experiencias gastronómicas son o perfecto agasallo para que os máis torpes no eido culinario deixen de selo. .

Seguimos baixando pola rúa do Sar e, no nº 16, ábrenos as súas portas [A Grileira](#), un obradoiro e tenda de instrumentos populares de Galicia. Xosé Lois Mouriño compaxina a súa faceta de músico coa de luthier..

E así, sen case decatarnos, chegamos ao corazón do barrio do Sar e a un dos monumentos románicos máis importantes de Santiago de Compostela, a [COLEXIATA DE SANTA MARÍA DO SAR](#). Situada estratéxicamente ao lado da Vía da Prata e ás beiras do río Sar, os frecuentes alagamentos fixeron que o firme da construción fose cedendo e que no século XVIII houbese que apuntalar a estrutura cuns xigantescos arcobotantes exteriores. Ao entrar no edificio chámannos poderosamente a atención a esaxerada inclinación dos piares e a sobriedade e esvelteza do templo.



Para deleite dos amantes da máis pura arte románica, conserva unha parte do antigo claustro e as súas dependencias gardan un pequeno museo con valiosas pezas da historia da cidade.

Se queremos continuar con este agradable paseo, cruzando o río Sar, podémonos achegar á CIDADE DA CULTURA, un ambicioso proxecto do arquitecto americano Peter Eisenman que comeza no ano 1999. No monte Gaiás alzanse os imponentes edificios, de pétreas cubertas onduladas e muros acristalados que albergan, entre outros, o museo, a biblioteca e o arquivo de Galicia, e cuxas arquitecturas non deixarán a ninguén indiferente. Así mesmo, temos a oportunidade de pasear polo Bosque de Galicia, a través dos seus cinco quilómetros de sendas, para ascender ata os espléndidos miradoiros e contemplar as mellores vistas de Compostela.

Igrexa e mosteiro do Conxo

Para chegar ao barrio do Conxo partimos dende a praza de Galicia, onde se atopa a *Galería Sargadelos* (esquina coa rúa Doutor Teixeiro). A visita supón entrar nun espazo expositivo único. Á parte de tenda, é un verdadeiro centro de arte moderna. Nos seus estantes facemos unha viaxe no tempo e volvemos ao século XVIII, cando Sargadelos nace en Cervo (Lugo) como a primeira siderurxia galega. É curioso que, décadas despois, se dedicase a algo tan delicado coma a porcelana por excelencia de Galicia, co seu azul cobalto que é un distintivo e marca de fábrica. Hoxe, ademais de enxoval cun deseño actual, pero inspirado nas fondas raíces


ARRIBA Santa María do Conxo

da cultura galega, ampliou as súas creacións artísticas a figuras, xoias, bultos, panos ou fragancias.

Continuamos camiñando pola rúa de Montero Ríos, a praza Roxa, a rúa de Frei Rosendo Salvado, a avenida de Vilagarcía e as rúas de García Prieto e de Sánchez Freire. O barrio do Conxo atópase na saída sur da cidade, que, así mesmo, é entrada dos peregrinos que veñen percorrendo o Camiño Portugués. O Conxo tivo concello propio ata que no ano 1925 quedou anexionado a Santiago de Compostela. As súas festas parroquiais celébranse en setembro e atraen a miles de veciños e turistas, que manifestan a devoción popular pola Nosa Señora da Mercede e por san Serapio. Contan os máis vellos do lugar que, noutrora, cando saía a procesión de san Serapio dende a Catedral de Santiago ata o Conxo, ao pasar pola rúa do Franco, os fieis abandonaban rapidamente a comitiva para entrar nas numerosas tabernas e, nun abrir e pechar de ollos, beber unha refrescante cunca de «viño do Ribeiro»; por iso levaban os petos cheos de pequenas moedas para pagar rapidamente a consumición e non perder moito tempo antes de se incorporar outra vez á procesión. É doado imaxinar como chegaba a imaxe do santo á igrexa de Santa María do Conxo.

A IGREXA E O CONVENTO DE SANTA MARÍA DE CONXO son unha fundación do século XII vencellada a unha dama chamada Rosuida, que, para honrar a memoria do seu amante, asasinado durante a súa peregrinación a Santiago, ergueu unha pequena ermida que máis adiante se convertería en igrexa e mosteiro beneditino. A finais do século XV instalouse aquí a Orde da Mercede. Este conxunto monástico ofrécenos, como as súas máis exquisitas xoias, parte dun claustro románico e unha talla excepcional dun Cristo Crucificado, obra do gran mestre da imaxinería barroca castelá do século XVII, Gregorio Hernández.


Outras guías relacionadas




RUTA DO CAMIÑO FRANCÉS



RUTA DO CAMIÑO INGLÉS



RUTA DA CATEDRAL



RUTA DE FISTERRA



galicia